EXPLOTACIÓNS EQUINAS:

Decreto 142/2012

OBXECTIVOS DO DECRETO:

- Sanidade e benestar animal.
- Rexistro de explotacións equinas, identificación dos équidos e movementos destes entre explotacións.
- Réxime dos équidos mostrencos.
- Regulamento dos pastos de uso común.

CLASIFICACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS EQUINAS:

Clasifícanse tendo en conta os seguintes factores:

1.-SISTEMA PRODUTIVO

- Extensivo (pastos)
  - Équidos en réxime pechado (con peche)
  - Équidos en liberdade (sen peche)
- Intensivo
  - Aloxamento permanente

2.-TIPO

- Produción e reprodución
  - Manutención e cría de équidos para o lucro (embrións, seme...)
- Explotacións gandeiras (Matadoiros, postos de control...)
  - Centos de concentración de équidos
  - Explotacións de ocio ensino e investigación

3.-ORDENACIÓN ZOOTÉCNICA

- Explotación de reprodución para a produción de carne
- Explotación de reprodución para montura
- Explotacións de reprodución mixtas
- Explotacións de cebo

INICIO DA ACTIVIDADE DAS EXPLOTACIÓNS EQUINAS:

Centros de concentración de équidos

Autorización previa das autoridades competentes (antes do inicio a actividade)

Os tipos de explotacións restantes

Declaración responsable

REQUSITOS QUE DEBE CUMPRIR A EXPLOTACIÓN:

Localización (as autoridades poden eximir do cumprimento das distancias ás pequenas explotacións)

- 200 m entre as explotacións
- 100 m das vías ferroviarias e autopistas
- Máis de 25 m de calquera vía pública (excepto pecuarias ou sen asfaltar)

Construción e instalacións

- Área delimitada cun peche perimetral
- Dispoñibilidade de auga de calidade hixiénica
- Sistema de manexo dos animais
- Almacén
- Áreas de observación e illamento de animais
- Esterqueiros impermeabilizados

EXENCIÓNS NO CUMPLIMENTO DOS REQUISITOS:

TIPO DE EXPLOTACIÓN	EXENCIÓNS
Explotacións extensivas en *sen peche*	• Cerco perimetral ou sistema equivalente *(A non ser que poida supoñer risco)*
	• A auga procedente dos recursos naturais
	• Cumprimento das distancias sempre que non se considere un risco para a sanidade animal
Explotacións de pequena capacidade.	• Cumprimento das distancias sempre que non se considere un risco para a sanidade animal.

Pódese autorizar a instalación doutras explotacións equinas que non cumpran as distancias citas con anterioridade. A autorización baséase en motivos de sanidade, concentracións de explotacións etc.

SANIDADE E BENESTAR ANIMAL:

Programa hixiénico sanitario (supervisado por un veterinario

- Plan de prevención contra enfermidades
- Plan de coñecementos básicos sobre bioseguridade e benestar animal
- Plan de limpeza das explotacións axeitado para cada explotación

Adaptacións para algunhas explotacións

- Pequena calidade+ centros de concentración temporal
  - Exentos de cumprir o plan hixiénico-sanitario (excepto as paradas)
- Extensivas
  - Plan de bioseguridade adaptado particularmente
  - Prohibición de instrumentos que reduzan a mobilidade animal
- Extensivas en liberdade
  - Posibilidade de enterrar subprodutos animais e cadáveres dentro da propia explotación (co permiso da consellería e do propietario)

REXISTRO GALEGO DE EXPLOTACIÓNS EQUINAS (RGEE):

- O RGEE intégrase no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA).
- No RGEE inscríbense todas as explotacións equinas da CA de Galiza.
- No RGEE intégrase o Rexistro de Paradas Equinas, que inclúe a sección do Rexistro de Sementais equinos.
- Todos estes datos están incluídos no Sistema Integrado.

DATOS QUE FIGURAN NO RGEE:

- Código identificación da explotación
- Datos do titular e cotitular da explotación
- Datos do responsable do pasto de uso común
- Clasificación
- Especie de équidos que alberga
- Localización principal da explotación
- Censo desgregado
- Estado no rexistro (alta, baixa etc.)
- Capacidade máxima
- Datos do persoal veterinario responsable da explotación

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO RGEE:

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR A SOLICITUDE:

- Fotocopia do DNI da persoa titular
- Memoria da actividade:
  - Descrición da actividade
  - Planos das instalacións
  - Descrición das actividades
  - Programa sanitario básico
  - Autorización expresa de pastoreo (terreos forestais)
- Coordenadas xeográficas
- Declaración censual
- Comprobante do pagamento das taxas

PROCEDEMENTO:

✓Inscrición no rexistro realizada por instancia do titular.

✓Preséntase a declaración responsable ou unha solicitude de autorización previa de actividade, despois de pagar as taxas correspondentes

✓Preséntase a solicitude nas Oficinas Agrarias Comarcais.

✓No **prazo máximo de 3 meses dende a entrada da solicitude no rexistro da consellería** obterase unha resposta. No caso de non recibila neste prazo, a solicitude estará aprobada *(silencio positivo)*.

✓A autorización das **explotacións que se asenten en terreos forestais** poden ser denegadas se se asentan nunha zona limitada ao aproveitamento polo gando.

✓Para as **explotacións que se asenten sobre terrenos protexidos dun espazo de Rede natura 2000**, deberase emitir un informe nun prazo máximo de 10 días. Se neste non temos resposta enténdese que a explotación é compatible.

INSCRICIÓN NO RGEE:

✓A inscrición neste rexistro leva consigo a asignación dun código de identificación da explotación.

✓Antes do **1 de marzo de cada ano**, débese presentar a declaración censual.

✓O titular ten **1 mes de prazo** para comunicar, ademais dos movementos de équidos, os cambios dos datos consignados no rexistro **dende que estes se produzan.**

✓**O incumprimento das condicións e requisitos establecidos neste decreto poderá dar lugar á baixa no rexistro, e á tramitación do pertinente procedemento administrativo.**

LIBRO DE EXPLOTACIÓN:

- As **explotacións autorizadas** terán dito libro e os rexistros adicionais que se requiran.
- O libro pode ser levado de xeito electrónico ou informatizado.
- O **titular da explotación** será o responsable de ter consignados neste todos **movementos dos animais na explotación**.

Datos xerais da explotación

- Nome da explotación
- Código REGA
- Localización
- Datos do titular
- Censo no 31 de decembro
- Incidencias e identificación
- Rexistro de inspeccións
- Indentificación do persoal ao coidado dos animais
- Enfermidades que poidan afectar á sanidade animal ou pública

Datos de cada animal identificado individualmente na explotación

- Código de identificación
- Especie, raza e sexo
- Número permanente único
- Data de alta na explotación
- Data de baixa na explotación
- Número de rexistro de orixe e de destino
- Nome, apelidos e DNI do propietario
- Sinatura, selo e código do veterinario que realizou a identificación
- Para cada animal incorporado: nº de documento sanitario, ID do transportista e nº de matrícula do vehículo
- Para cada animal que cause unha baixa por venda: nº de documento sanitario de movemento

ORGANIZACIÓN DOS PASTOS EN COMÚN:

CLASIFICACIÓN *(en función da clasificación do terreo)*

Aproveitamento de pastos en terreo forestal

Para regulalo ou prohibilo, solicítase que se inclúa no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo

Aproveitamento de pastos en terreo agrícola

As CMVMC e titulares destes dereitos que aproveiten estes pastos en común terán que cumprir co establecido

PO, PXF ou PAS →consultan e cínguense ao apartado de organización de uso

Ningún instrumento de xestión forestal →establecen as condicións de pastoreo

OBRIGAS:

Responsables dos pastos de uso en común

- Comunicar con 15 días de antelación a data prevista para o curro anual aos servizos veterinarios oficiais
- Colaborar nas labores de retirada de animais non autorizados cedendo medios e instalacións dispoñibles
- Cumprir o programa sanitario básico do pasto de uso común
- Comunicar anualmente antes do **1 de marzo** aos servizos veterinarios o censo dos animais presentes no pasto a finais do ano anterior
- Comunicar aos servizos veterinarios oficiais a sospeita de calquera enfermidade epitozoótica oU zoonótica
- Se o pasto se asenta sobre terreos protexidos dun espazo da Rede Natura 2000, debe cumprir co plan de xestión LIC correspondente
- Asumir a responsabilidade dos danos causados polos animais así como a responsa subsidiaria ante o incumprimento das obrigas

Propietarios dos animais que aproveiten os pastos de uso común

- Compren as mesmas obrigas que os titulares de explotacións equinas
- Atenden as recollidas do Réxime Interior de Pasto de Uso Común

NOTA:

- *1 UGM.- animal maior de 12 meses.*
- *0,5 UGM.- animal maior de 6 meses ata os 12 meses.*
- *0,2 UGM.- animal ata os 6 meses de idade.*

IDENTIFICACIÓN E REXISTRO DOS ÉQUIDOS:

Elementos

- Documento de identificación equina (DIE) único para cada équido
- Uso dun transpondedor sobre os animais que permita o establecemento dun vínculo entre o DIE e o animal
- Base de datos informatizada na que se rexistrarán os datos de cada équido

Identificación de équidos rexistrados en libros xenealóxicos ou destinados a competicións ou carreiras

↓

Identificados e inscritos pola organización ou asociación autorizada ou recoñecida oficialmente para a xestión do libro xenealóxico ou para o control de cabalos de competición e/ou carreiras

↓

Comunicación á autoridade competente os datos dos animais identificados nun prazo máximo de 7 días dende que se levou a cabo para seren inscritos na base de datos e rexistrados nas explotacións equinas

PROCEDEMENTO DE IDENTIFICACIÓN

(équidos de crianza e rendemento de abasto nados en Galiza):

Cando? Antes dos 6 meses, antes do 31 de decembro do ano do seu nacemento

Ou antes de abandonar a explotación de nacemento (excepto équidos se destetar que acompañen á súa nutriz)

↓

Solicitude do seu titular mediante a expedición dun DIE como documento de identificación único

↓

Implantación dun microchip para establecer un vínculo inequívoco entre o DIE e o équido. Para garantir a unicidade do código, distribúense segundo diga a consellería

↓

Rexistro nunha base de datos informatizada de toda a información do équido (propietario, código de explotación de nacemento etc.)

↓

Identificación electrónica dos équidos de crianza e rendemento (realizada por un veterinario da consellería ou por persoal autorizado pola mesma, que debe asegurarse de que non foi identificado anteriormente

↓

O persoal veterinario que realice a identificación deberá comunicar nun prazo máximo de tres días dende que se levou a cabo os datos dos équidos para o seu rexistro

PuRaGa

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

EXCEPCIÓNS DA IDENTIFICACIÓN:

Équidos nados en Galiza para sacrificar antes dos 15 meses (marca auricular electrónica)

Animais de abasto coa marca auricular electrónica para cebadeiro (consérvana ata o matadoiro aínda que pasen dos 15 meses)

Implantación directa do titular da explotación (solicitude na oficina agraria comarcal)

- Comunicarán os datos nun prazo máximo de 7 días

COMUNICACIÓN DE MOVEMENTOS E FORMALIZACIÓN DE CAMBIOS DE PROPIEDADE:

Os titulares das explotacións equinas comunicarán nun **prazo máximo de 7 días** os movementos de entrada e saída dos animais identificados individualmente

No prazo máximo de 30 días dende que se produza o cambio na propiedade o novo propietario deberá formalizar o cambio mediante os servizos veterinarios oficiais da oficina agraria comarcal

Alí, arquivarase unha copia da documentación acreditativa do cambio de propiedade do équido, acompañada do DNI, nome e apelidos do anterior e actual propietario, así como ambas sinaturas

Os équidos rexistrados en libros xenealóxicos ou destinados a carreiras e competicións, identificados ou non en Galiza, xestionaranse segundo as directrices propias da entidade emisora do documento

PuRaGa

Asociación de criadores
do cabalo de Pura Raza Galega

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural